

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN SER, PARA A ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A REDACCIÓN DO PLAN INTEGRAL DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DAS PALLOZAS DOS ANCARES (OAH).

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, Oliver Laxe Coro, con DNI 46909757S, presidente da Asociación Ser, domiciliada en Lugar de Vilela 2, Casa de Quindos, 27653 Navia de Suarna, Lugo e con NIF G27498211.

Ambas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido nos artigos 27.18 e 19 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado nos artigos 148.1.16 e 17 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten entre as súas competencias e obxectivos a promoción e difusión da cultura, a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago e a promoción e o ensino da lingua galega.

Para desenvolver estas competencias, na estrutura da consellería está integrada a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a quen correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións en materia de patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións e, especialmente e entre outras, as seguintes funcións: A protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

A intervención obxecto deste convenio está incluída no Plan Estratéxico de Convenios e Intervencións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e está directamente incardinada nos obxectivos estratéxicos e operativos previstos no mesmo. En concreto no obxectivo operativo: OPO2C/2.1.1.8PCG Conservación dos bens do patrimonio cultural emerxentes, do patrimonio etnolóxico e do patrimonio civil.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complejo Administrativo San Caetano, bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal



É este un obxectivo estratéxico que pretende incrementar e enriquecer o patrimonio cultural de Galicia ampliando a representatividade e o número de elementos que amosan e son testemuño da diversidade cultural e posúen interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Entre as actuacións previstas está prestar atención ao patrimonio da arquitectura tradicional e aos bens culturais de manifesto interese etnolóxico xa que son os que de maneira máis clara configuran e testemuñan a forma de vida tradicional e caracterizan a paisaxe rural e das aldeas e vilas de Galicia. Esta medida prevé comezar a intervenir nos inmobles, sitios e territorios recoñecidos que precisen apoio e investimentos públicos para asegurar a súa permanencia e salvagarda.

Terceiro: Que a Asociación Ser é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter cultural e ambientalista que nace nos Ancares lucenses no 2017. A Asociación Ser ten por vocación participar no desenvolvemento deste territorio, na construción do presente e do futuro honrando o pasado.

Casa Quindós, a sede da Asociación Ser, é un centro cultural, pero sobre todo unha casa que quere vertebrarse co seu entorno. Diversos proxectos de agricultura, gandería e patrimonio teñen por fin recuperar e darlle un uso ás terras de Vilela, procurando a súa autosuficiencia e sostibilidade, e, de paso, minorar o risco de incendios.

Cuarto: Que a Asociación Ser desexa impulsar e promover a recuperación do patrimonio etnolóxico da Serra dos Ancares, na provincia de Lugo, impulsando a conservación e a restauración dunha das súas construcións máis características: as pallozas e para iso teñen iniciado a redacción do *Plan integral de conservación e rehabilitación das Pallozas dos Ancares (OAH)*.

A Asociación Ser pretende que o proxecto sexa, así mesmo, dinamizador doutras iniciativas dos sectores agro-gandeiro, turístico, sociocomunitario e ambiental na zona, con carácter sensibilizador, tanto pra poboación local coma pros que nos visiten de fóra. Ser, en definitiva, un espazo de experimentación de desenvolvemento rural que axude a atopar solucións fronte ás variadas problemáticas que encara a montaña lucense.

A súa vinculación cas veciñas e veciños, administracións públicas, centros educativos e co resto do tecido asociativo da comarca é unha das nosas señas de identidade. Apostan pola participación activa da cidadanía, facilitando espazos e procesos que permitan as persoas ser protagonistas dos seus propios proxectos o que se traduce nun aumento da autoestima, reforzo do sentido de pertenza e a construción dunha identidade propia. Persegue contribuír así dun xeito substancial a revitalizar o territorio.

Quinto: O patrimonio etnolóxico, integrado polos lugares, bens mobles e inmobles, as expresións, así como as crenzas, os coñecementos, as actividades e as técnicas transmitidas pola tradición, é unha parte senlleira do patrimonio cultural galego e un dos principais e máis fondos testemuños de identidade.



Así o recoñece a Lei do patrimonio cultural de Galicia ao protexer de forma singular os bens do patrimonio etnolóxico que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da súa historia.

As pallozas dos Ancares son, sen dúbida ningunha, unha testemuña viva desta manifestación cultural material e inmaterial e así veñen recollidas no artigo 91.3.b da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Posúe a aldea de Piornedo unha singular relevancia en relación con este acervo patrimonial, non só polo número e calidade das súas pallozas, senón polo interese e compromiso que os seus habitantes teñen con estas senlleiras construcións características da forma de habitar as serras orientais e que desde a Idade Media chegaron á actualidade.

Este conxunto patrimonial atópase hoxe nunha situación grave de risco por mor dos cambios derivados da forma de vida e o abandono das actividades tradicionais na montaña e a grave crese de poboación que estes cambios provocaron e condicionan.

Para conservar as pallozas como o excepcional ben cultural que son, cómpre non só investigar e traballar para desenvolver un abano de boas prácticas que teñen que ver coa obtención dos materiais necesarios, especialmente o colmo, a palla de centeo, das súas cubertas e coa transmisión dos coñecementos e as técnicas construtivas. Coñecementos e prácticas, que por seren tradicionais, atópanse fóra de calquera plan de estudos e proceso de formación regrado relacionado coa construción, a restauración do patrimonio cultural ou a arquitectura. Para poder conservalas é imprescindible saber como o facían as xeracións anteriores e para sabelo é imprescindible fomentar a transmisión destes coñecementos que posúen un cada vez máis pequeno número de artesáns e persoas que coñecen, practican ou se adican a esta actividade.

Porén non abonda con ter con que conservalas e saber como facelo, é imprescindible darlles vida e dotalas de novos usos compatibles cos seus valores culturais que adapten os tradicionais ás necesidades actuais ou que introduzan novas funcións nestas singulares construcións, mantendo as súas características construtivas e formais e con iso protexendo os seus valores culturais. Só así será posible garantir a súa transmisión ás xeracións vindeiras como é obrigado.

Sen dúbida, manter as pallozas en pé, conservadas e restauradas de forma coherente e respectuosa cos seus valores culturais e destinadas a novos usos que permitan facer que a súa permanencia e o seu mantemento sexan sostibles e viables, non só é unha medida necesaria de protección do patrimonio cultural galego, pode ser un recurso activo e moi útil para loitar contra a perda e envellecemento de poboación e activar un motor de desenvolvemento cultural, social e económico daquel territorio, mellorando así a calidade de vida dos seus habitantes.

A importancia e o tratamento especializado da arquitectura tradicional, da que as pallozas son un exemplo senlleiro en Galicia, xustificou a existencia e a probación do Plan Nacional de Arquitectura Tradicional polo Consello do Patrimonio Histórico Español.



As razóns que motivaron a aprobación do dito plan nacional, recentemente actualizado logo dos seus primeiros 10 anos de vixencia, son a necesidade de desenvolver un instrumento que articule as diferentes accións administrativas e institucionais. Búscase un alto grado de coordinación para que a participación se produza de xeito axeitado, consecuente coa salvagarda da arquitectura tradicional e fomente a implique a participación de todos os axentes implicados.

Tamén considerouse necesario dito plan nacional polo risco no que se atopan os bens que integran este patrimonio para os quen non sempre resulta suficientemente efectiva a protección xurídica por mor da falta de especificidade e adaptación das normas. Frear os riscos aos que está exposta a arquitectura tradicional era un obxectivo prioritario dado o deterioro ocasionado pola falta de uso e de arraigo por mor dos procesos de globalización; a vertixinosa perda de coñecementos e técnicas relacionadas cos oficios tradicionais imprescindibles para manter en pé estes bens; a perda ou abandono dos usos tradicionais que se realizaban nestes inmobles, singularmente o residencial e, incluso, unha falta de sensibilización e recoñecemento social con respecto a este patrimonio.

Ademais, a aprobación da Axenda 2030 fornece a utilización e mantemento deste patrimonio cultural ao defender as políticas públicas que se refiren á redución das desigualdades, a creación de comunidades sostibles, a produción e consumo responsable, a acción polo clima e a preservación dos ecosistemas terrestres.

Consciente diso a política de salvagarda e protección da arquitectura tradicional que defende o Plan Nacional de Arquitectura Tradicional incorpora obxectivos e medidas relativas á loita contra o cambio climático, a defensa contra os riscos que derivan del e a consideración do reto demográfico como un tema transversal para garantir a permanencia e a obrigada transmisión ás xeracións futuras deste patrimonio.

Na zona dos Ancares e na aldea do Piornedo en particular, coinciden todos os aspectos analizados polo plan nacional. Ao mesmo tempo, de forma singular, única e excepcional danse as condicións para por en práctica as súas recomendacións para desenvolver boas prácticas a prol da conservación sostible, viable do patrimonio etnolóxico e da arquitectura tradicional en particular, dunha forma comprometida e respectuosa co clima, co planeta e efectiva para dar unha resposta axeitada ao reto demográfico.

Existe alí unha comunidade local, representada a través de múltiples axentes locais comprometidos coa protección e salvagarda do territorio e o seu patrimonio cultural.

Unha poboación local, representada por distintas institucións e asociacións, que ten experiencia en desenvolver boas prácticas a prol da protección, conservación e salvagarda do seu patrimonio cultural, con especial atención á recuperación das pallozas e as técnicas construtivas tradicionais como demostran os obradoiros e experiencias que levan anos realizando e nas que a Plataforma ROAD ten aportado soporte técnico e coñecemento



especializado entorno á conservación do patrimonio herdado.

Esta realidade é unha situación singular e única en Galicia, xa que non existen pallozas fóra deste ámbito territorial, nin existen alí, outros axentes sociais ou entidades públicas ou privadas comprometidas coas súa conservación como o están as persoas que integran estas asociacións que, por outra parte, son as persoas que habitan o territorio e que conviven con este patrimonio.

Sexto: O Plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas dos Ancares (OAH) estruturase como unha intervención progresiva e coordinada no tempo, pensada para dar resposta ao grave estado de deterioro do senlleiro conxunto patrimonial das pallozas nos Ancares.

As pallozas, vivendas tradicionais de pedra con cuberta de palla, son un ben cultural que caracterizan aos Ancares coma un hábitat de senlleiro interese e valor histórico, arquitectónico e etnolóxico, único en Galicia e en Europa.

A Serra dos Ancares na que se atopan os lugares de Vilarello de Donís, Piornedo e Suárbol, na provincia de Lugo e o de Balouta na de León, comprendida entre Campo da Braña (Cervantes), Piornedo e Cabarabella, co fondo dos picos de Penalonga, Mustallar, Corno Maldito, Tres Bispos e Penarrubia ten a consideración de ben de interese cultural conforme coas seguintes disposicións legais:

- O Decreto 2647/1972, do 18 de agosto, polo que se declara paraxe pintoresca a serra de Picos de Ancares, na provincia de Lugo (BOE núm. 236 do 02.10.1972).
- O Decreto 2250/1971, do 13 de agosto, polo que se declara paraxe pintoresca a zona da serra dos Ancares na que se atopan os poboados de Vilarello de Donís, Piornedo e Suárbol, na provincia de Lugo, e o de Balouta na de León (BOE núm. 228 do 23.09.1971).
- A disposición transitoria 8ª da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 155 29.06.1985) (LPHE), consonte a seu contido as paraxes pintorescas mentres non sexan recualificados conforme á disposición final da lei 15/1975, do 2 de maio, de espazos naturais protexidos, conservarán as condicións de bens de interese cultural (BIC)
- A disposición transitoria terceira da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) na que se establece que os bens declarados baixo a figura de paraxe pintoresca recoñecida de forma provisional como ben de interese cultural na devandita DT 8ª da LPHE terán a consideración provisional de bens de interese cultural coa categoría de paisaxe cultural e a súa delimitación e réxime corresponderá cos dunha zona de amortecemento para os efectos do control das actividades que poidan supoñer unha modificación substancial do territorio.

O Plan integral OAH diseña unha proposta inicial para revitalizar as pallozas dos Ancares





mediante as axudas do programa Europa Creativa da Comisión Europea e a participación directa da veciñanza representada por distintos axentes do propio territorio.

O Plan integral OAH, na versión inicial na que se atopa, inclúe tres fases de actuación que terían por obxectivos principais:

- Fase 1 Deseño e elaboración das bases técnicas, normativas, formativas e produtivas necesarias para garantir a viabilidade das intervencións do Plan integral OAH, incorporando unha visión estratéxica a medio e longo prazo. Incluiría a realización da fase de investigación (inventario, informes técnicos e estudo normativo); deseño dun obradoiro tipolóxico aplicado a unha palloza prototipo; redacción do proxecto de reparacións urxentes nas pallozas; deseño do programa docente dunha escola de formación de teitadores; equipo de prospección e análise de axudas europeas e deseño dunha folla de ruta e xestións das posibles liñas de subvención á solicitar.
- Fase 2 Rehabilitación integral dunha palloza prototipo aplicando a aprendizaxe e os criterios definidos na fase anterior. Incluiría unha segunda fase de reparacións de pallozas.
- Fase 3 Replicación das accións co obxectivo de trasladar o modelo ao resto do territorio, garantindo a súa continuidade no tempo. Incluiría a rehabilitación de pallozas aplicando a experiencia do prototipo ensaiado, a integración de fondos europeos e a consolidación dun plan de mantemento plurianual, sostible e viable.

A Fase 1 do dito plan estruturase arredor de catro liñas de acción transversais que se desenvolven de maneira coordinada al longo das distintas fases do plan.

As liñas de acción para a Fase 1 son:

- A Axudas e xestión de convocatorias europeas.
- C Cultivo e provisión de centeo.
- F Formación de teitadores.
- R Análise e deseño da condicións e prácticas de reparación, rehabilitación e replicabilidade das solucións nas pallozas.

Séptimo: A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude está comprometida coa protección, conservación e salvagarda desta singular mostra do patrimonio cultural de Galicia e valora moi favorablemente o compromiso da comunidade local a prol dos bens máis senlleiros que caracterizan o territorio no que viven. Por este motivo, está interesada en colaborar co deseño e a posta en marcha do Plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas de Piornedo (OAH).

Oitavo: Para levar adiante esta colaboración a consellería ten previsto colaborar coa Asociación Ser aportando o financiamento necesario para completar algunhas das accións da Fase 1 do Plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas dos Ancares (OAH), aquelas necesarias e imprescindibles para o futuro desenvolvemento do mesmo e para comprobar a súa viabilidade e sostibilidade.

CLÁUSULAS

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complejo Administrativo San Caetano, bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal



Primeira: obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é formalizar a colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Asociación Ser para que esta poida promover e realizar as accións previstas para a Fase 1 do Plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas dos Ancares (OAH).

A dita colaboración consistirá no financiamento das accións previstas por medio da subvención das accións que realice e promova a Asociación Ser co obxectivo final de establecer o procedemento e as técnicas construtivas para a conservación, restauración e posta en valor da pallozas dos Ancares, investigando e estudando as posibilidades do seu cambio de uso e as boas prácticas a seguir para alcanzar este obxectivo garantindo a protección e a salvagarda dos valores culturais e o interese etnolóxico destas construcións.

Ademais, investigarase a posibilidade de obtención de fondos económicos europeos para o financiamento das intervencións completas previstas no Plan integral OAH, especialmente ao abeiro do programa Europa Creativa da Comisión Europea.

Como complemento das accións anteriores e como parte dos traballos de investigación realizaranse traballos urxentes de reparación do teito de colmo dunha ou dúas pallozas seleccionadas en función do seu estado de conservación e o interese das mesmas.

Con este obxectivo a Asociación Ser contratará e desenvolverá os servizos de investigación; a redacción dos estudos técnicos; o deseño das bases que teñen que regular o resto das accións e a busca e xestión da solicitude de axudas europeas.

Estas tarefas constitúen unha primeira fase imprescindible para contar cos documentos de investigación e os proxectos necesarios; as bases de técnicas, normativas e formativa a aplicar no resto das fases; unha folia de ruta que permita analizar e coñecer a posibilidade real de contar con axudas europeas para desenvolver o resto das Plan estratéxico OAH. Axudas que unidas ao apoio da Administración Pública son necesarias para facer sostible e viable o desenvolvemento completo do Plan OAH.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que a Asociación Ser é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter cultural e ambientalista que nace nos Ancares lucenses no 2017. A Asociación Ser ten por vocación participar no desenvolvemento deste territorio, na construción do presente e do futuro honrando o pasado cunha enorme vinculación cas veciñas e veciños, administracións públicas, centros educativos e co resto do tecido asociativo da comarca coma unha das súas señas de identidade, apostando pola participación activa da cidadanía, facilitando espazos e procesos que permitan as persoas ser protagonistas dos seus propios proxectos o que se traduce nun aumento da autoestima, reforzo do sentido de pertenza e a construción dunha identidade propia, contribuíndo así a revitalizar o territorio.

Segunda: actividades a desenvolver e estimación do seu custo económico

As actuacións e servizos a desenvolver ao abeiro deste convenio son as que a seguir se relacionan xunto cos seus correspondentes custos estimados:

<i>Liña de actuación a desenvolver e financiar</i>	<i>Custo estimado con IVE</i>
--	-----------------------------------

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complejo Administrativo San Caetano, bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal





1	• Equipo para a análise e busca de fondos e axudas europeos. • Deseño dunha folla de ruta viable e crible para a obtencións dos fondos. • Busca de entidades internacionais colaboradoras interesadas e realización das xestións necesarias para esta colaboración. • Inicio da xestión das solicitudes dos fondos europeos, con especial atención ao programa Europa Creativa da Comisión Europea.	30.000,00 €
2	• Actuacións técnicas previas á reparación e rehabilitación das pallozas: - Avance do inventario de pallozas tomando como ámbito de estudo inicial a aldea de Piornedo. - Informe de patoloxías das pallozas de Piornedo • Análise da propiedade e das posibles solucións de xestión que garantan un uso público ou un interese social e público suficiente da intervención de rehabilitación - Informe técnico xurídico. • Análise das normativas de aplicación en relación coa restauración e rehabilitación das pallozas e dos posibles usos futuros. • Obradoiro tipolóxico aplicado a unha palloza como prototipo (1ª Fase). • Redacción dun documento de avance, a nivel de anteproxecto, da intervención global de conservación, restauración e rehabilitación do conxunto de pallozas con un avance do estudo construtivo e de especificación de materiais suficiente para realizar unha estimación aproximada do custe e cronograma necesario para desenvolvela.	35.000,00 €
3	• Traballos de reparación do teito de colmo (palla de centeo) dunha ou dúas pallozas da aldea de Piornedo seleccionadas polas Asociación Ser. Os traballos consistirán na reparación ou mantemento de urxencia dos teitos das pallozas, sempre que manteñan a solución tradicional e a súa estrutura se atope en bo estado, de xeito que a reparación realizada garanta a debida conservación da palloza intervida.	30.000,00 €
4	• Coordinación xeral das distintas tarefas, axentes e equipos participantes.	





	Secretaría da actuación realizada ao abeiro do convenio asinado e representación ante a Administración Pública.	5.000,00 €
Total do custe estimado para as intervencións a realizar		100.000,00 €
Total custe estimado sen IVE (21%)		82.644,63 €
Total IVE estimado, calculado co vixente 21%		17.355,37 €

Terceira: Financiamento.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia contribuirá con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.433A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de 100.000,00 € nas anualidade de 2026 e 2027, en base ao seguinte detalle:

Liñas de actuación incluídas	Anualidades (Importes con IVE)		
	2026	2027	TOTAL
Liña 1	15.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €
Liña 2	22.500,00 €	12.500,00 €	35.000,00 €
Liña 3	30.000,00 €		30.000,00 €
Liña 4	2.500,00 €	2.500,00 €	5.000,00 €
TOTAL	70.000,00 €	30.000,00 €	100.000,00 €
Prazo estimado	5 meses	11 meses	16 meses

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación 13.04.433A.781.0, código de proxecto 2015 00382 dos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026.

Esta cantidade, 100.000,00 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún



caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

Cuarta: obrigas do beneficiario

A Asociación Ser comprométese a:

- Contratar as empresas e profesionais necesarios para desenvolver os servizos e traballos previstos.
- Proporcionar o espazo físico e de seren necesarios contratar, os medios técnicos, os de persoal e os auxiliares necesarios para desenvolver as actividades e accións previstas e poder completar os servizos que constitúen o obxectivo deste convenio.
- Identificar as pallozas que se van reparar aportando a documentación técnica axeitada para describir o alcance dos traballos a realizar e o custo dos mesmos. Inclúirá un orzamento ordenado por unidades de obra que permita coñecer a medición e o custo real dos distintos traballos a realizar.
- Solicitar e obter as autorizacións preceptivas para realizar as obras de conservación e mantemento dos teitos de colmo.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, o investimento previsto e todas as actividades, acción e tarefas que forman parte dos obxectivos do mesmo.
- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións que o precisen, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- Xustificar todos os gastos realizados dentro dos prazos establecidos e conforme os procedementos fixados.
- Difundir e dar publicidade á participación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude neste convenio. En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora. Amais disto, o beneficiario debe dar a adecuada publicidade e información de que as actuacións están subvencionadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en particular, nas medidas de información e comunicación.
- A Asociación SER deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.
- De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.
- Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.

Quinta: xustificación dos gastos e pagamento.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano, bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal



A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de cada unha das dúas anualidades.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Asociación SER presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento, dos gastos financiados con cargo á achega da consellería.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.
- Un orixinal (en formato dixital) dos documentos elaborados entre os que, alo menos, figurarán:
 - Informe sobre a posibilidade do financiamento das actuacións de rehabilitación das pallozas con fondos europeos que inclúa: a guía de ruta e cronograma a seguir, o resultado das xestións e os documentos xustificativos do resultado obtido.
 - Inventario das pallozas do Piornedo e informe de diagnoses das mesmas.
 - Informe técnico xurídico sobre a propiedade das pallozas e a súa relación coa viabilidade de desenvolver un uso público ou de interese social ou público nas mesmas.



- Informe sobre as normativas de aplicación en relación coa restauración e rehabilitación das pallozas e a introdución ou desenvolvemento de posibles usos.
- Anteproxecto da intervención global de conservación, restauración e rehabilitación do conxunto de pallozas de Piornedo.
- Memoria do Obradoiro tipolóxico realizado, indicando: programa, número de participantes, obxectivos e resultados. Incorporarase información gráfica (fotografías en formato .jpg e/ou vídeo) da actividade realizada.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación dos gastos queda fixado no 15 de decembro de cada un dos dous anos de vixencia do presente convenio. Admitiranse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026.

Os gastos posteriores ao 15 de decembro de 2026 poderán ser imputados a anualidade 2027.

Pagamentos a conta:

Poderán realizarse pagamentos a conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata o límite máximo do 80% do importe. A contía restante, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

Pagos anticipados:

Segundo o disposto no artigo 63.1 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderanse solicitar e conceder pagos anticipados ata o 50%, do importe de cada unha das anualidades.

No caso de que a Asociación SER solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso foran concedidos no poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio presupostario.

Os pagos a conta e os pagos anticipados da anualidade 2027 faranse unha vez xustificado o libramento da anualidade 2026.

Neste suposto o beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Subcontratación:

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano, bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal



Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación SER non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Sexta: comisión paritaria.

Nomearase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Sétima: Causas de resolución e modificación do convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

Oitava: facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente



convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Novena: publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación Ser acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décima: Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo primeira: Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para



cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo segunda: outras obrigas do beneficiario

- Non alterar o destino da achega.
- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de contas e ao Consello de Contas.
- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo terceira: Xurisdicción.

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décimo cuarta: Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo quinta.- Vixencia.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2027, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O presidente da Asociación Ser

José Carlos López Campos

Oliver Laxe Coro



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/ Dona _____ con
DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que para a seguinte actuación _____, a
devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, de _____ de 2026.





ANEXO II

Don/Dña _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dña _____
_____, con DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN (2 díxitos)
- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)





ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/Dna _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade _____
_____, con CIF _____

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)

